



**ACTA DA CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DA ELECCIÓN DE
ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O
DÍA 28 DE MAIO DE 2023.**

No salón de actos da Casa do Concello de Vedra, sendo as once horas e dez minutos do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, ao obxecto de proceder á Constitución do Concello e elección de Alcalde/sa, conforme establecen os artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e o artigo 37 do Real Decreto 2568/16986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, reúnen-se, en sesión pública, os/as seguintes señores/señoras, proclamados/as concelleiros/as electos/as nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e seis de maio de 2019:

Don Carlos Martínez Carrillo
Don Manuel Costa Carneiro
Don José Manuel González Couto
Dona María Susana García Lema
Dona Diana Varela Barreiro
Don Enrique Vázquez Martínez
Don Juan Manuel Cernadas Méndez
Don José Caldelas González
Don Xosé Antón Pose Rodríguez
Dona Yolanda Vieiro Cebeiro
Don Xesús Castro Blanco
Don Jesús González Corbelle
Dona María Begoña González Picanes

Actúa de Secretario o da Corporación: don Carlos J. Méndez –Losada Abalo, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o artigo 7º do citado regulamento, como trámite previo legal para este acto.

CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE

Deseguido procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo/a concelleiro/a electo/a de maior idade, de entre os asistentes, Don Xesús Castro Blanco, que pasa a presidila e polo/a de menor idade, tamén de entre os/as asistentes, Dona Yolanda Vieiro Cebeiro, e actuando como Secretario da mesma o propio da Corporación.

CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

Constituída a Mesa de Idade, e despois de tomar posesión os membros da mesma, prometendo o cargo don Xesús Castro Blanco e prometendo dona Yolanda Vieiro Cebeiro, por parte da Secretaría procédese a dar lectura de todas as credenciais presentadas, así como a acreditación da personalidade dos/as electos/as pola certificación remitida pola Xunta Electoral de Zona.

Dado que asisten concelleiros/as electos/as que representan a maioría absoluta dos membros que de dereito corresponden ao Concello, de acordo co disposto no artigo 195.4 da mencionada Lei Orgánica e no 37. 4 do citado Regulamento, a Mesa procede a nomear aos/as restantes concelleiros/as electos/as que non forman parte da mesma, aos efectos da prestación do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, usando todos/as a fórmula de promesa. A continuación a Presidenta da Mesa declara constituída a Corporación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



ELECCIÓN DE ALCALDE/SA

Acto seguido, a Mesa anuncia que se vai proceder á elección de Alcalde/sa, sinalando que poderán ser candidatos os tres concelleiros que encabezaron as súas correspondentes listas nas pasadas Eleccións Municipais.

Renuncian a ser candidatos don Jesús González Corbelle (PSdeG-PSOE) e don José Antonio Pose Rodríguez (BNG), polo que queda como candidato:

NOME E APELIDOS DOS CANDIDATOS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

LISTA OU CANDIDATURA
PP

Proponse o sistema de votación a man alzada e apróbase por unanimidade.

Iníciase a votación, e obtéñense os seguintes resultados:

	VOTOS OBTIDOS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO	8
“BRANCO”	0
“NON”	5

De acordo co citado artigo 196, resulta elixido como Alcalde deste Concello, D. Carlos Martínez Carrillo, integrado na lista ou candidatura do PP, ao obter a maioría absoluta dos votos dos/as concelleiros/as, e logo da promesa na forma anteriormente mencionada para o desenvolvemento do seu cargo de Alcalde, toma posesión neste mesmo acto, quedando disolta a Mesa de Idade, e pasa a presidir a sesión.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que a lexislatura pasada foi histórica e o pleno de constitución de hoxe cre que tamén vai ser un pleno que se recordará polas múltiples anécdotas acontecidas dende o seu inicio.

En primeiro lugar quere agradecer ao pobo de Vedra e en particular a todas as persoas que participaron nestas eleccións, na festa da democracia, e que manifestaron co seu voto a súa vontade apoiando ás trece persoas que hoxe se sentan aquí e que conforman a corporación municipal 2023-2027 e que son responsables de dirixir os destinos do concello de Vedra.

Agradece igualmente á veciñanza o enorme caudal de confianza que depositou na candidatura do Partido Popular, neste grupo de goberno e neste Alcalde de novo. Supón, se cabe, unha maior responsabilidade da que tiñan mesmo ata o de agora, e dende logo non escatimarán esforzos e traballo facendo todo o que poidan e o mellor que poidan para non defraudar á veciñanza e acadar os obxectivos de seguir mellorando a terra de Vedra.

Por suposto, e falando en nome de todos, agradécelles ás familias, amigos e equipos de traballo todo o seu apoio, traballo e compromiso; porque sen eles todo isto sería imposible, sendo por tanto a súa presenza e alento absolutamente imprescindible.

Tamén quere agradecer aos concelleiros da lexislatura 2019-2023, tanto do goberno como da oposición, o seu traballo. Fai extensible este agradecemento a todo o persoal municipal, porque ninguén pode dudar que na lexislatura máis complexa da democracia, todo o mundo soubo estar á altura das circunstancias poñendo a Vedra e á súa cidadanía por riba de todo e sendo un exemplo para o pobo de toda Galicia.

Felicita tamén aos novos concelleiros que se incorporan hoxe, porque non lle cabe dúbida de que cada un deles dende a súa posición ideolóxica, traballará e defenderá o mellor para Vedra e os seus habitantes, o que supón para cada un dos concelleiros unha gran honra e unha responsabilidade.

Este é un goberno de todos e para todos, sen distincións, coas mans abertas e tendidas sempre á oposición. Un goberno que sempre escoita e escoitará, que rectifica e rectificará se se equivoca, que sempre dará a cara e que sempre se deixará a pel por toda a veciñanza.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Con máis forza, ilusión e responsabilidade ca nunca iníciase unha nova lexislatura, desexando que co bo traballo de todo o mundo, goberno e oposición, se consiga facer entre todos unha Vedra máis grande, máis forte, máis solidaria, máis comprometida, en definitiva cun gran futuro.

De seguido cédelle a palabra aos demais grupos políticos.

Intervén o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, para felicitar ao Alcalde, e dille que a ver se cumpren o seu programa electoral por unha vez.

Intervén dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, e felicita ao Partido Popular de Vedra e ao BNG polos resultados electorais acadados. É unha honra para eles formar parte desta corporación. Son conscientes da responsabilidade que os veciños puxeron nas súas mans. Saben de certo que facer política é acordar, propoñer e chegar a acordos para que os recursos dispoñibles poidan solucionar os problemas e demandas das necesidades que teñan os nosos veciños.

Saben que neste momento en Vedra hai cambios sociais, económicos, medio ambientais que coa axuda de todos e coas propostas do grupo socialista poida darse unha solución ao territorio de Vedra.

Agarda que malia a configuración da corporación, as propostas do seu partido poidan chegar a formar parte da política municipal.

O Sr. Alcalde-Presidente agradece as palabras dos grupos da oposición e toman nota das mesmas

A continuación polo Sr. Secretario, dáse lectura á acta de arqueo extraordinario redactada con motivo da constitución da nova corporación, acompañada de todos os documentos que xustifican as existencias en metálico e en valores propios da nova corporación, depositados na caixa municipal e en entidades bancarias, así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio municipal, de acordo co preceptuado no número 2 do artigo 36 do repetido Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e aos efectos do preceptuado polo artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril e artigo 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1.372/1986, do 13 de xuño, sendo o resumo o que de seguido se relacionan:

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA AO 16/06/2023	
Existencia anterior ao período	19.177,71
Ingresos por operacións de orzamento	1.855.012,53
Ingresos por operacións non orzamentarias	113.586,44
Ingresos por reintegros de pagamentos	6.956,84
Por movementos internos	415.590,00
TOTAL INGRESOS	2.391.145,81
SUMAN EXISTENCIA + INGRESOS	2.410.323,52
Pagos orzamentarios	1.468.393,50
Pagos non orzamentarios	204.771,83
Por devolución de ingresos	21.285,03
Por movementos internos	415.590,00
Total pagos	2.110.040,36
Existencias a fin de período	300.283,16



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Para rematar , o Sr. Presidente da Corporación, dálle lectura ao artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, quedando informados todos/as os/as asistentes do seu contido.

Conclúe o acto ao fío das once horas e corenta minutos.